

M . 4 . A . 4 .

A partir do poemario *De catro a catro* do autor galego Manuel Antonio, o grupo de 4º curso da Especialidade de Interpretación do percorrido Xestual da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia vén de realizar unha montaxe teatral dentro da materia *Obradoiro I* durante o primeiro cuadrimestre do curso 2014/15: **M . 4 . A . 4 .** baixo a dirección do profesor Ricardo Solveira.

A proposta escénica levada a cabo ten como punto de partida o poemario *De catro a catro*, pero non exclusivamente. O autor M. A. ten outros poemarios onde a temática mariña e as inquedanzas persoais e estéticas tamén aparecen como identidade estilística e temática do autor. Tamén na obra en prosa do autor, recentemente publicada pola Fundación Barrié e a Real Academia Galega con edición do profesor Xosé Luís Axeitos, aparecen elementos comúns co poemario de partida.

Mesmo os Cadernos de Bitácora escritos en castelán e inéditos ata hoxe, pero que grazas á colaboración da biblioteca da Fundación tivemos acceso a eles, forman parte do corpus textual como punto de partida deste proxecto escénico.

O elenco que realizou este Obradoiro está composto polo alumnado da ESAD de Galicia: Lucía Hernández, María de las Llanderas, Sabela Ramos, Cecilia Varela e David Rodríguez. As materias da ESADG que converxen neste proxecto son: *Obradoiro I* de 4º de Interpretación (Prof: Ricardo Solveira), *Técnica corporal (teatro de obxectos)* de 4º de Interpretación (Prof: Alicia Corral) e *Técnicas de expresión oral* de 4º de Interpretación (Prof: Nuria Montero e Ermel Morales) e *Acrobacia* de 4º de Interpretación (prof: Ricardo Solveira) , polo que o proxecto ten unha vertente integradora da docencia.

A estrutura argumental da peza vén dada pola estrutura do poemario. Este propón unha viaxe mariña de xeito introspectivo, cun comezo, unha parada na cidade e un final da viaxe.

A estética vangardista coa que foi escrita o poemario danos pé a formular un exercicio escénico baseado no teatro xestual e no teatro de imaxes, afastado do realismo e dunha representación naturalista. Parte da estética aparece implícita no texto: mariñeiros sen identidade de lugar e tempo, barco pailebote de velas como antítese da navegación a motor, a cidade nocturna de bares e prostíbulos, a paisaxe mariña e celeste...

A recente reedición da obra completa de Manuel Antonio por parte da Fundación e da Real Academia, o interese común do alumnado de Interpretación e do profesor polo poemario, a perpetua actualidade da linguaxe que usa o autor no texto, e o continuo refluxo de imaxes que aparecen no poemario son os incentivos que motivan a complexa posta en escena deste texto.

Para expresar mellor esta proposta escénica deixo as palabras do alumno David Rodríguez Alonso que serviron nas funcións realizadas na ESAD como introdutorias ao espectáculo:

Tanto na súa obra poética De catro a catro coma noutros traballos en prosa, Manuel Antonio transpórtanos ao mundo do mar. Un mundo poético onde nós convivimos co silencio da alta mar e a súa paisaxe, ata que unha nova singradura nos leve ás cidades "noitámbulas". Guiados polos códigos marítimos e o fume das pipas dos mariñeiros, o autor proponnos sempre un rumbo incerto pero con ilusión cara un novo horizonte.

Con este traballo queremos darlle corpo e movemento ás imaxes que Manuel Antonio plasmou na súa obra, utilizando diversas linguaxes que ofrece o teatro xestual, dende a acrobacia ata o teatro de obxectos. O obxectivo será somerxer ao público nunha viaxe de atmosferas, onde se ofrece ao espectador a posibilidade de deleitarse cunha estética inspiradora e evocadora dentro das liñas postmodernas do teatro visual.

Ricardo Solveira

Ficha Artística

Elenco:

Lucía Hernández

María de las LLanderas

Sabela Ramos

Cecilia Vázquez

David Rodríguez

Equipo pedagógico:

Interpretación: Ricardo Solveira

Obxectos: Alicia Corral

Técnica Vocal: Nuria Montero e Ermel Morales

Vestuario: Carlos Pinilla.

Asesoramento escenográfico: David Mortol e Eufrasio Lucena.

Asesoramento vocal: Cristina Domínguez.

Asesoramento Canto: Marión Sarmiento.

Danza: Beba Gayoso.

Dirección: Ricardo Solveira.

Posta en escena .

A representación que se levou a cabo na ESADG propuña unha distribución espacial distinta ao teatro convencional: o espazo de representación foi desenvolvido no escenario e o público tamén estaba disposto no escenario creando unha U ao redor do espazo escénico central. O tránsito dos actores facíase por tras da única fila de espectadores e os cambios escénicos e de vestiario facíanse a vista do público.

Na medida do posible queríamos respectar esta proposta inicial nas futuras representacións que fagamos por achegarse mais á concepción inicial e pedagóxica do espectáculo. Pero sendo coñecedores das posibles dificultades que esta proposta pode causar estamos a traballar nunha distribución escénica á italiana.

Presuposto:

Ao ser un traballo de Escola o custe da función non implica o pagamento de ningún soldo, xa que estas representacións considéranse prácticas dentro da formación pedagóxica do noso alumnado.

O que si contemplamos no presuposto son os gastos de desprazamento do equipo: cinco actores, o director e dous técnicos; o transporte do material escenográfico e as dietas de manutención do equipo.

Fotografías da función:









